# VII CONCURSO DE INICIATIVAS UNIVERSITARIAS

STOP accidentes

por unha mobilidade segura

Para mais información:
www.stopaccidentes.org y www.dgt.es
stopgalicia@stopaccidentes.org
Stop Accidentes Galicia: 981 289368

MINISTERIO DEL INTERIOR

DGT Dirección General de Tráfico

Trátase de desenvolver iniciativas, ideas ou proxectos de investigación en temas relacionados coa seguridade viaria, e que poidan ser levados á práctica, valorando de xeito especial a orixinalidade e a creatividade e, por riba de todo, que as propostas sexan viables para así intentar mellorar as pautas cívico-viarias da xente nova.

As propostas tamén poden ser en forma de películas, cómics, música, debuxos animados, etc. Sempre que a mensaxe teña que ver coa mobilidade.

Trátase de sensibilizar ós mozos e ás mozas, tendo en conta que é un colectivo dos máis afectados, xa que os accidentes de tráfico, representan unha das primeiras causas de mortalidade, e por iso, queremos que sexan partícipes dos proxectos e programas para intentar previr os riscos que padecen na súa mobilidade.

## PROPOSTAS

UNIVERSIDADE DE VIGO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

audasa

COLEGIO OFICIAL DE GESTORES ADMINISTRATIVOS DE GALICIA

xuventude.net

XUNTA DE GALICIA

## OBXECTIVOS

Sensibilizar e previr ao colectivo universitario sobre a problemática que supón a mobilidade.
Realizar proxectos, que partindo do seu coñecemento e análise poidan achegar posibles solucións que sirvan e axuden a diminuír os accidentes de circulación.
Deseñar e elaborar actividades ou recursos para implementar a Educación Viaria e mellorar os comportamentos cívico-viais.

## AMBITO DO CONCURSO

Poderán participar todos os estudantes residentes en Galicia, que cursen estudos en calquera das tres universidades galegas ou na UNED.

## TRABALLOS

O proxecto pode presentarse en calquera dos idiomas oficiais da nosa comunidade autónoma, por escrito ou en formato audiovisual, e en ambos os dous casos cunha copia en formato pdf. Deberá ser orixinal e inédito, sen que fora premiado noutros certames.
A publicación escrita terá unha extensión de 4 páxinas como mínimo, e de 40 como máximo. Se se trata dun traballo audiovisual, a súa duración non poderá superar os 15 minutos.
Cada concursante poderá presentarse a título individual ou formando equipo. Neste caso terá que designar un representante.

## CONTIDOS

O traballo debe achegar propostas novidosas e realizables, proxectos de investigación, etc. que axuden a sensibilizar e actúen sobre a prevención dos accidentes de tráfico en temas relacionados co comportamento dos cidadáns, coa súa mobilidade e seguridade (vehículos, infraestruturas, ...).
Terase en conta a orixinalidade e a creatividade das propostas así como que fomenten uns comportamentos máis seguros e responsables no relativo á mobilidade no tráfico.

## LUGAR DE PRESENTACION E PRAZOS

Os traballos remitiranse á Xefatura Provincial de Tráfico da súa provincia antes do día 23 de novembro de 2012 ás 14h.
Os traballos irán acompañados dunha copia, e non constará identidade ninguna do autor nin sinatura que poida identificalo. Nun sobre á parte figurará o lema relacionado co traballo, e no seu interior, os seguintes documentos:

· fotocopia do DNI, polo anverso e reverso
· copia da admisión da matrícula na universidade
· datos persoais (enderezo, número de teléfono, correo electrónico...)

## XURADO

O xurado calificador estará constituído por:

· un representante da Consellería de Educación da Xunta de Galicia
· un representante da asociación Stop Accidentes
· un representante da Dirección Xeral de Tráfico
· un xornalista da prensa galega

E presidido por un representante dunha das Universidades da nosa Comunidade.

## PREMIOS

· Premio: 1.000 euros e un iPad
· Accésit: 750 euros e un iPad

Os premios non serán acumulativos nin divisibles e poderán ser declarados desertos polo xurado.

## DITAME

O ditame do xurado será inapelable e darase a coñecer a primeira quincena de decembro de 2012. A relación publicarase nas páxinas web:
www.stopaccidentes.org
www.dgt.es

## ACEPTACION

A presentación dos traballos supón a total aceptación das bases.
Os traballos pasarán a ser propiedade da organización, que poderá facer o uso que considere conveniente, sen pagar dereitos de autor.